

1º EXERCICIO: PARTE COMÚN

INSTRUCCIÓNS:

- 1.- Non abra nin lea o interior deste caderno ata que se lle indique.
- 2.- Esta proba consiste nun cuestionario non eliminatorio sobre o contido da parte común do programa, de 10 preguntas tipo test con 2 de reserva, que deberán ser contestadas a continuación do recadro "Común" entre os números C1 e C12, da "FOLLA DE RESPOSTAS"
- 3.- O tempo total de realización do exercicio, é de 15 minutos.
- 4.- Todas as preguntas teñen catro respostas alternativas, sendo unha a correcta. As respostas correctas sumarán 0,50 puntos, as non contestadas non terán valoración algunha e as contestadas erroneamente restarán 0,125 puntos.
- 5.- Comprobe sempre que o número de resposta que sinale na "FOLLA DE RESPOSTAS" é o que corresponde ao número da pregunta do cuestionario.
- 6.- Este cuestionario debe utilizarse na súa totalidade como borrador das respostas elixidas, para non marcar unha resposta ata estar totalmente seguro/a.
- 7.- A resposta correcta marcarase cun X ben feito dentro dos límites do recadro. De ter que anular algunha resposta, o recadro da resposta que se marcou incorrectamente ten que encherse por completo.

Unha vez que se anule, xa non poderá recuperarse de novo dita opción de resposta.
- 8.- Ao rematar o seu exercicio, coloque este cuestionario no chan e espere as indicacións para realizar a continuación o seguinte exame, en unidade de acto. Cando finalice todos os exercicios deberá entregar a "FOLLA DE RESPOSTAS" no lugar que lle indique a organización, onde lle entregarán a última folla autocopiativa. Ao abandonar o recinto NON poderá levar ningún cuestionario de preguntas. O Servizo Galego de Saúde facilitaralle o acceso aos mesmos a través da páxina web: www.sergas.es, logo de finalizados os tempos de exame.

**LEA DETIDAMENTE AS INSTRUCCIÓNS
QUE FIGURAN NO REVERSO DA FOLLA DE RESPOSTAS
PARA O SEU CORRECTO ENCHEMENTO**

EXAME EN GALEGO

1. No Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, ao referirse ao réxime xeral de situacións do persoal estatutario enumera unhas concretas. Sinais cal das seguinte respostas non estaría incluída entre as enumeradas:

- A) Servizo activo.
- B) Servizos especiais.
- C) Suspensión de funcións.
- D) Incapacidade laboral permanente.

2. Como regra xeral, o persoal estatutario do SERGAS que non tome posesión da praza adquirida en concurso de traslados:

- A) Perde a condición de persoal estatutario.
- B) Pasa á situación de excedencia forzosa.
- C) Será obxecto de expediente disciplinario.
- D) Pasa á situación de excedencia voluntaria por interese particular.

3. En relación do recolleito sobre a xornada de traballo no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde, sinale ao resposta falsa :

- A) A través da programación funcional do correspondente centro poderase establecer a distribución irregular da xornada ao longo do ano.
- B) A xornada complementaria estará afectada polas limitacións que respecto a a realización de horas extraordinarias establecen ou poidan establecer outras normas e disposicións.
- C) A xornada complementaria non terá en ningún caso a condición nin o tratamento establecido para as horas extraordinarias.
- D) O persoal terá dereito a un período mínimo de descanso ininterrompido de 12 horas entre o fin dunha xornada e o comezo da seguinte, salvo causa xustificada e en determinados supostos.

4. A Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, establece unha serie de requirimentos en relación co uso de datos persoais seudonimizados con fins de investigación en saúde pública e biomédica. Sinais cal dos que se relacionan a continuación non é correcto:

- A) Unha separación técnica e funcional entre o equipo investigador e quen realice a seudonimización.
- B) Non se contempla a posibilidade de proceder á reidentificación dos datos na súa orixe.
- C) Que os datos seudonimizados unicamente sexan accesibles ao equipo de investigación cando exista un compromiso expreso de confidencialidade.
- D) Que os datos seudonimizados unicamente sexan accesibles ao equipo de investigación cando se adopten medidas de seguridade específicas para evitar a reidentificación e o acceso de terceiros non autorizados.

5. Segundo a Lei de Saúde de Galicia e en referencia aos dereitos sanitarios, recóllense unha serie de dereitos relacionados coa confidencialidade e información. Indique de entre as seguintes opcións cal non estaría incluída ente eses dereitos:

- A) Dereito a renunciar a recibir información.
- B) Dereito a que se reduza a presenza de profesionais, estudantes e investigadores, ou doutros usuarios, que non colaboren directamente na realización de tales atencións, cando así sexa expresamente solicitado.
- C) Dereito a coñecer os requisitos de uso das prestacións e servizos de saúde en relación ao seu proceso asistencial.
- D) Dereito á confidencialidade dos seus datos referidos a crenzas, relixión, ideoloxía, vida sexual e orixe racial.

6. En relación coa atención sociosanitaria na Lei de Saúde de Galicia, cal das seguintes respostas é falsa:

- A) No terreo sanitario a atención sociosanitaria comprenderá os cuidados sanitarios de longa duración.
- B) A Lei de Saúde de Galicia non fai referencia á atención sociosanitaria.
- C) No terreo sanitario a atención sociosanitaria comprenderá a atención sanitaria á convalecencia.
- D) No terreo sanitario a atención sociosanitaria comprenderá a rehabilitación en pacientes con déficit funcional recuperable.

7. Indique cal dos seguintes é unha competencia exclusiva do Estado, segundo a Lei Xeral de Sanidade:

- A) A sanidade exterior.
- B) Control sanitario dos cemiterios.
- C) Control sanitario de edificios e lugares de vivenda e convivencia humana.
- D) Control sanitario de industrias, actividades e servizos, transportes, ruídos e vibracións.

8. O DECRETO legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, en materia de emprego público non contempla unha das seguintes respostas:

- A) A Administración pública galega fomentará, a composición equilibrada entre os sexos do persoal funcionario.
- B) A Xunta de Galicia fomentará, en especial, o acceso das mulleres aos postos de grao superior.
- C) No conxunto da oferta pública de emprego, a composición dos tribunais de selección do persoal da Administración pública galega será paritaria.
- D) Cando as probas de promoción interna comprendan a valoración de méritos dos candidatos e candidatas establecerase só a favor das mulleres que estean a utilizar ou utilizasen, no últimos cinco anos, unha redución de xornada ou unha excedencia para o coidado de familiares.

9. A Lei 3/2001, do 28 de maio, reguladora do consentimento informado e da historia clínica dos pacientes establece unha serie de requisitos en relación coa historia clínica. Sinala a resposta falsa entre as seguintes opcións:

- A) A elaboración da historia clínica, nos aspectos relacionados coa asistencia directa ao paciente, será responsabilidade exclusiva do médico que atende ao paciente.
- B) Calquera información incorporada á historia clínica haberá de ser datada e asinada de maneira que se identifique claramente o persoal que a realice.
- C) As historias clínicas deberán estar normalizadas en canto á súa estrutura lóxica.
- D) A elaboración da historia clínica, nos aspectos relacionados coa asistencia directa ao paciente, será responsabilidade dos profesionais que interveñen na mesma.

10. Atendendo ao disposto no Decreto 206/2005, do 22 de xullo, de provisión de prazas do persoal estatutario de Servizo Galego de Saúde, a selección do persoal fixo efectuarase con carácter xeral:

- A) Polo procedemento de oposición.
- B) Libre designación.
- C) Polo procedemento de concurso oposición.
- D) Polo procedemento de concurso de méritos.

Preguntas de reserva

1. **Sinale cal dos seguintes dereitos non vén recollido no Estatuto marco do persoal estatutario dos servizos de saúde como un dereito individual do persoal:**

- A) Á libre sindicación.
- B) Á estabilidade no emprego e ao exercicio ou desempeño efectivo da profesión ou funcións que correspondan ao seu nomeamento.
- C) Á formación continuada adecuada á función desempeñada e ao recoñecemento da súa cualificación profesional en relación ás devanditas funcións.
- D) A ser informado das funcións, tarefas, labores, programación funcional e obxectivos asignados á súa unidade, centro ou institución.

2. **A Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais enumera unha serie de principios da acción preventiva. Indique cal das seguintes respostas non se corresponde cun deles:**

- A) Ter en conta a evolución da técnica.
- B) Combater os riscos na súa orixe.
- C) Ter en conta a evolución da técnica.
- D) Adoptar medidas que antepoñan a protección individual á colectiva.